DESCUBRINDO O CAMIÑO DO MAR

dende os colexios da Mariña Lucense

POR QUE?

O CAMIÑO COMO FERRAMENTA DE APRENDIZAXE SOSTIBLE

O Camiño é unha ruta de peregrinación, e tamén unha ferramenta educativa coa que amosar a nenas e nenos un estilo de vida saudable e sostible

QUE?

CAMIÑADAS DO MAR

descubrir e aprender

camiñando

CAMIÑADAS DO MAR

- **DESCUBRIR,** fomentar a curiosidade do alumnado polo Camiño, por onde transita e que podemos atopar nel
- **LIMPAR** e compartir co alumnado a necesidade de manter limpos os camiños e medios naturais e, para iso, sensibilizar e realizar limpeza durante a ruta
- **INTERPRETAR** a paisaxe que observamos no camiño. Tamén a paisanaxe, as xentes do lugar que complementan a paisaxe.
- **PROTEXER** a biodiversidade, cómo se conserva ao longo do camiño e que prácticas debemos realizar para fomentala.
- **SOÑAR** as oportunidades que nos ofrece o territorio que habitamos.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

CAMIÑO DO MAR VS **CAMIÑO NATURAL DO CANTÁBRICO**

CAMIÑO DO MAR VS **RUTA DO LITORAL BURELÉS**

CAMIÑO DO MAR VS CAMIÑO NATURAL DO CANTÁBRICO

- https://m.youtube.com/watch?v=0zPG6Jvjpsw&feature=youtu.be

Na entrada desta vila vemos un concesionario de coches á nosa dereita e unha rúa que sube á esquerda, dirección hospital da costa e zona escolar. Unha vez pasado o IES Perdouro seguiremos por esa rúa (*Camiño Real*) todo recto en dirección cuartel da garda civil. Inmediatamente esa rúa ancha cambia transformándose en rúas estreitas e sinuosas o que nos dá a entender que imos por bo camiño. Despois dunha rotonda vemos á nosa dereita a igrexa nova de Burela nós debemos seguir recto en dirección cuartel garda civil. Cando cheguemos á dependencia da benemérita podemos elixir:

1. Seguir recto pola estrada a Vilaestrofe ata que a uns 300 metros, nunha curva pronunciada, vexamos a entrada do Camiño Real.

2. Xusto despois de pasa-lo cuartel da garda civil coller por un desvío asfaltado á dereita que nos vai levar á igrexa da Vila do Medio, unha edificación do século XV con interesantes pinturas do XVI. Despois de visita-la igrexa volvemos cara atrás seguindo os nosos pasos ata o primeiro cruce, se collemos á esquerda volvemos cara o cuartel e se collemos á dereita, por unha empinada subida chegaremos á curva que nos indica o comezo do Camiño Real.

▲ Trazado Cangas-Burela
◀ Capela da Vila do Medio. Burela
◀ (Pág. anterior) Vista da vila de Burela dende Monte Castelo

Trátase dun camiño bastante frecuentado na primavera e no verán polos veciños pero que en inverno pode aparecer bastante enlamado polo tránsito dos camións madeireiros.

Dende a entrada seguiremos todo recto contemplando a paisaxe e as casas abandonadas que van aparecendo ao noso carón. Existen varias pistas tanto á esquerda (200 metros dende o inicio) ou a dereita (1200 metros) que non debemos tomar, seguiremos recto ata que levemos 1.3 km en que nos atopamos cun cruce de catro camiños.

Nesa intersección o trazado do antigo do Camiño Real é o que baixa pegado ao edificio da subestación eléctrica. Unha pista de terra na que nos irá acompañando un regato á nosa dereita ata que a 1.4 km nos atopemos unha estrada secundaria asfaltada na que collemos á esquerda para chegar, case inmediatamente, a Cervo.

▲ Trazado Burela-Cervo

◀(Pág. anterior) Paseo da Marosa. Burela

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer o Camiño do Mar entre a poboación local.
- Promover a sensibilización e concienciación ambiental e cultural da comunidade educativa sobre o Camiño do Mar.
- Promover a conservación do patrimonio natural e cultural, o material e o inmaterial, como ferramenta para construir un futuro baseado en fundamentos de sostibilidade.
- Divulgar entre a comunidade educativa os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- Aprender a utilizar os ODS como ferramenta de aprendizaxe participativa e colaborativa.

Somos **Noela Feal** e **Lucas Requejo,** dous divulgadores da Mariña comprometidos coa transmisión do Camiño do Mar entre o alumnado da comarca, ela guía turística oficial de Galicia e él emprendendor e delegado da Fundación Ecotur en Galicia

contáctanos

caminadasdomar@gmail.com